

crónica

Immunda escoria

Ricardo Gurriarán

A universidade franquista
e as mobilizacións estudantis
en Compostela, 1939-1968

XERAI S



Contén DVD
50 entrevistas



O esborrallamento do SEU, de seu

La Universidad no nos gusta [...] Nuestra Universidad no cumple, nuestra Universidad –el mayor y más entrañable servicio público de una sociedad y un Estado– no es servicio público, sino en su aspecto friamente administrativo y burocrático. La frase es ya tópico: «oficina expendedor de títulos»¹² (Gonzalo Sáenz de Buruaga).

A un SEU domesticado e con poucas posibilidades de enganche dunha mocidade que miraba cara a outro lado non lle quedou máis remedio ca poñerse ao día e ofertar actividades atractivas e con certos beneficios para o estudantado. Desde a posta en marcha dos cineclubs ata a organización de grupos de teatro e aulas de poesía e de música, con carácter xeral, ata as máis restritivas, que se organizaban nos colexios maiores da súa xurisdición. Mesmo chegaron a crear un Departamento de Actividades Culturais desde a xefatura do SEU (1952).¹³ Entre medias, desenvolvíanse outro tipo de actividades desde a estrutura seuísta, promotora tamén de iniciativas lucrativas tinguidas de servizo ao estudantado, que ao cabo aproveitaban como negocio os que ostentaban cargos, como foi a venda exclusiva de apuntamentos por un departamento específico do SEU.

A iniciativa que puxera en marcha o P. Llanos dunha residencia para universitarios, en 1950, desembocou na creación do Servicio Universitario del Trabajo (SUT), dependente do SEU ao pouco (1952), a quen se lle ofreceu como servizo, a imitación dos campos de traballo europeos.¹⁴ Pretendían ofrecer unha canle e tirarlle froito ao achegamento dos universitarios ao mundo laboral, mediante estancias estivais para traballar en repoboamentos forestais, colleitas de froita, fábricas, minas... (Lizcano, 1981: 103). Aínda que logo tiveron unha compoñente máis social ao achegárense ás necesidades da emigración laboral nos suburbios de Madrid e Barcelona. Os universitarios acudían as fins de semana a axudar a

12. Gonzalo Sáenz de Buruaga, alto dirixente do SEU, en «Situación de nuestro ambiente»; *Alcalá* núm. 57 do 25 de maio de 1954.

13. Orde do 24 de setembro de 1952/BOE do 12 de outubro.

14. Desde a Orde do 11 de marzo de 1952/BOE do 22 de marzo, ata a Orde do 15 de febreiro de 1955/BOE do 7 de marzo –creación dun padroado para o SUT–, houbo varias ordes reguladoras desta actividade.

construír vivendas na periferia madrileña, coordinados, en primeira instancia, polo P. Llanos, cousa que tamén acontecía en Barcelona. Co paso do tempo, desta iniciativa xurdiron importantes núcleos de disidencia antifranquista.¹⁵

Os contactos con xente de maior preparación cultural e política axiña tiveron un efecto multiplicador cos estudantes doutras universidades españolas. A orixina-ria iniciativa do P. Llanos de dar unha saída ao «reseso» quefacer do nacionalcatolicismo, apoiado por Ruiz-Giménez, axiña ía tomar corpo ideolóxico de oposición ao Réxime, mediante a conciencia social que foron adquirindo aqueles universitarios que participaron nestas accións: fronte á inxustiza, demanda de cambios políticos. Nos primeiros anos organizáronse máis de corenta campamentos do SUT en toda España. Aínda que ao primeiro non houbo moito control seuísta, pois funcionaba con certa independencia, a teor do auxe que foi collendo e da cantidade de universitarios que mobilizaba, deseguida o mando se decatou da relevancia política que tiña a actividade. Xa que logo, desde 1953, o SEU colleu o mando absoluto e o control organizativo, logo de desprazar os seus creadores despois de moitas liortas.

No terreo cultural, o SEU tamén tratou de monopolizar e regulamentar todas as iniciativas, pois eran sabedores de que desde esta parcela podía exercerse un control ideolóxico preventivo fronte ás correntes liberalizadoras que comezaban a aflorar. Nesta década empezaron a realizarse as semanas chamadas de Renovación Universitaria, organizadas polo SEU. Baixo a súa supervisión, posibilitaban unha actividade con certa permisividade, na que se facían críticas ao profesorado e á institución docente mediante cánticos en copliñas, unha vez ao ano. Co paso do tempo, a organización cultural foi un dos máis salientables elementos de confrontación co SEU, pois todas as iniciativas tiñan que pasar polo seu control. A demanda de autonomía organizativa, sen inxerencias seuístas, deu lugar a unha reivindicación constante por parte do estudiantado, que quería organizar as súas actividades culturais sen imposicións. Xa como principal ferramenta de axitación, a cultura foi o detonante de moitas accións contra o Réxime. Poñemos como exemplo o grupo de teatro que fundou Alfonso Sastre, o Teatro de Agitación Social (TAS, 1953), cuxa primeira obra foi censurada tras a terceira representación: *Escuadra hacia la muerte* (Mangini, 1987: 75).

15. O coñecido estudante Javier Pradera foi expulsado dun campamento por *rojo*. Tamames era representante nos campos de traballo, como delegado que era de Intercambios Culturais do SEU (1953), cuxo xefe nacional era Manuel Ortuño, logo dirixente do PSOE.

Neste curso 1956/57 proliferaron os chamamentos e manifestos de estudantes de diferente ideoloxía. Ata a Agrupación de Estudiantes Tradicionalistas (AET) foi capaz de denunciar a situación universitaria:

Contra la universidad burguesa montada al estilo napoleónico y también muy alejados de la experiencia totalitaria de anteaer, la Universidad necesita reconquistar la autonomía institucional. Es preciso que deje de ser una simple oficina administrativa y se convierta en una institución viva, independiente. Solo así las generaciones venideras no sufrirán el vacío y la decepción de nuestro paso por la Universidad [...] ³⁰

Como acontecera en febreiro do ano anterior na Universidade de Madrid, logo dos altercados de Barcelona houbo unha remodelación governamental. Neste caso afectou ao Ministerio de Gobernación: Alonso Vega substituíu a Blas Pérez, con Arias Navarro á fronte da Dirección Xeral de Seguridade. A preocupación pola situación do estudantado universitario comezou a ocupar o primeiro plano da acción política. Paralelamente, publicáronse leis de xurisdición especial para reprimir a loita política obreira e estudantil, con facilidades para declarar o estado de excepción. O comisario Conesa foi designado xefe dun grupo especial para levar os labores de limpeza e extinción da subversión universitaria, nomeadamente para descabezar o PCE. ³¹

En 1956, o PCE xa ten a consideración de inimigo número un do Réxime. Neste ano iniciou a estratexia da política de reconciliación nacional, en boa parte motivada polos sucesos de febreiro. Logo do éxito de provocar unha crise de Goberno, por instancia das mobilizacións estudantís, o PCE comezou a ter unha visión de intervención política desde o interior cunha certa autonomía dos seus cadros. A consigna que lanzaron desde París foi «penetrar» en todo canto tecido asociativo existía, administración e SEU incluídos. Esta táctica tería os seus

30. *Boletín de Información de la Unión de Intelectuales Españoles*, número 3/4 de febreiro/maio de 1957, páxs. 41 e 42. Neste grupo estaban: Jaime Sartorius, Antonio Rato e José Barrionuevo. Na AET, o galego Luís Gonçalves Blasco (*Foz*), logo significado activista en Compostela, comezou a súa militancia antifranquista en Madrid.

31. O primeiro golpe asestoullo logo do verán de 1957, cando foron detidos a maior parte dos asistentes ao Congreso Mundial da Xuventude celebrado en Moscova. Practicamente quedou desarticulado o aparello do PCE da Universidade de Madrid.

momentos culminantes na fracasada Xornada de Reconciliación Nacional (RN, 1958) e na «folga nacional pacífica» (FNP) de 1959, que se saldou cunha vaga represiva de grande envergadura na que o seu aparello organizativo quedou desmantelado. O seu voceiro *Nueva Generación*, editado en París, gozaba de moito predicamento entre o estudantado, desde os sucesos de febreiro de 1956; e o seu aparello de propaganda sempre estivo a disposición de calquera organización anti-franquista que o precisase. En 1957 o PCE contaba xa cunha célula universitaria nova na Universidade de Valencia (Sanz, 2002: 57).

Nese mesmo ano, o diplomático Julio Cerón puxo en marcha unhas chamadas «reunións teolóxicas de universitarios», xunto a cregos fóra da xerarquía como Jesús Aguirre. Desembocaron na creación da NIU (1958) que, ao pouco, deu lugar ao Frente de Liberación Popular (FELIPE), logo de poñerse en contacto con diferentes territorios. Cerón, co avogado Ignacio Fernández de Castro e o xornalista Luciano Rincón, entre outros moitos, desde o cristianismo social reivindicativo, en relación coa HOAC e a JAC, mudaron cara a posturas paramarxistas en franca distancia do PCE, pois entendían que a esquerda tradicional marxista esgotara a súa fórmula política por sectaria e dogmática. Deste contorno saíu a principal opción política nova de oposición organizada ao franquismo, con continuidade, a partir do catolicismo disidente e das accións do SUT, desde onde se incorporaron Nicolás Sartorius, José Luis Leal e Manuel Vázquez Montalbán, entre outros.

Nos últimos anos do decenio creáronse plataformas antifranquistas de curto percorrido, como a UDE (1957) e o CCU (1958), con representación ampla das diferentes correntes políticas que actuaban naquela altura, entre elas a ASU, o PCE, o falanxismo disidente e a democracia cristiá.³² Daquela tamén se incorporou o Partido Social de Acción Democrática (PSAD), creado por Dionisio Ridruejo e que xuntara un grupo de intelectuais que apoiaba as accións dos estudantes. Ou o Hogar del Trabajo dos xesuítas, en Madrid (1958), onde naceu *Vanguardia Obrera*, da que logo saíra a central sindical Asociación Sindical de Trabajadores.

A infiltración de estudantes da oposición franquista na estrutura de representación seuísta foi unha realidade ao finalizar a década. Consecuentemente, a perda do control sindical por parte da cúpula e a perturbación dos seus intereses –os dele-

32. A ASU tivera un importante papel na UDE. Os seus militantes encargábanse de imprimir a revista *Unión*, voceiro desta plataforma antifranquista, que se editaba en París.

adestraban co equipo de baloncesto colexial; no aspecto lúdico, chegaron a facer carreiras de burros con ambos os dous como participantes. Xente importante da cultura visitou o colexio para dar conferencias: Bardem, Alfonso Sastre, Eva Forest e José María Valverde, entre outros. El mesmo viaxou por moitos lugares do país a dar charlas de divulgación cultural, ás que acudían traballadores e traballadoras, en presenza da sempiterna pequena burguesía adicta a estes actos. Fomentou as lecturas públicas con debate, escollendo autores como Bernanos, Huxley, Hemingway, Gironella, Camus, Orwell e Unamuno, por citar os máis relevantes; e teatro lido con textos de García Lorca, Buero Vallejo e Chesterton. Tamén impartía cursos de doutoramento, aos que acudían outros profesores, sobre lóxica matemática.

Mais tamén desenvolveu tarefas sociais, pois formou un grupo de universitarios para axudar na construción de vivendas na contorna de Santiago para xente desfavorecida, coordinados polo SUT (1959). Logo da morte da súa primeira muller acudiu a unha mina en Palencia co fin de evadirse e, ao tempo, achegarse á realidade sociolaboral, en compañía de universitarios que estaban alí realizando actividades estivais nun campo de traballo do SUT.


Cando finalizou a década, este profesor que se desprazaba en Vespa por Santiago coa muller detrás, deixaba as aulas compostelás por Valencia, onde había sección de Filosofía. Aquí tiña poucas posibilidades de investigar, que era o que realmente lle gustaba, circunstancia que foi definitiva para a súa marcha. Deixou unha profunda pegada.

Nas facultades experimentais había outros profesores comprometidos cunha docencia pegada ao laboratorio e o ensino activo que, de tempo en tempo, facían excursións didácticas de certa envergadura, como foi o caso de Francisco Bellot Rodríguez na Facultade de Farmacia. Nun momento de escasos recursos para as actividades docentes, este catedrático de Botánica, liberal e de espírito institucionalista, levou un numeroso grupo de estudantes composteláns a Canarias, en 1959. Durante quince días recolleron herbas e plantas para o seu posterior estudo. Bellot, que recreara o herbario da facultade en 1945, fixo moitas saídas de campo e promoveu varias excursións polo territorio peninsular con alumnos e alumnas da Facultade de Farmacia, experiencia illada naquel pechado mundo compostelán.³² Foi dos poucos docentes

32. Desde o comezo desta década coñécenselle saídas didácticas. En 1951 foi con cincuenta alumnos e alumnas a estudar e recoller flora do Guadarrama, en coordinación con profesores da Universidade de Madrid.

interesados polos estudos científicos sobre a flora do país.

Nesta facultade tamén destacamos a preocupación experimental dos profesores Charro Arias, Gómez Serranillos, González Carreró e Montañés del Olmo. Case todos ampliaron a súa formación no estranxeiro e impartían moitos cursos teórico-prácticos, desde 1945.³³ Temos que salientarmos que na década dos cincuenta o cadro de persoal desta facultade asentárase, o que permitiu unha certa estabilidade docente e investigadora, ao tempo de ver incorporadas cátedras novas. Tamén nesta década comezou a descentralización das teses de doutoramento, ao



O profesor Joaquín Ocón. Ca. 1955.


podelas realizar nos diferentes distritos universitarios (curso 1954/1955), aínda que os cursos de doutoramento xa se impartían desde anos atrás.³⁴ Esta cuestión foi determinante á hora de elaborar plans de investigación experimental con certa continuidade, con grupos de traballo estables. O mesmo que acontecería na Facultade de Ciencias, onde cómpre salientarmos o labor activo dos catedráticos Batuecas Marugán, Ribas Marqués e Aller Ulloa, que coordinaban a docencia e a investigación coas seccións dependentes do CSIC, consolidados como científicos de sona; de Joaquín Ocón (1950) e dun ascendente profesor adxunto, José Ramón

33. Aniceto Charro Arias (Vigo, 1903-Ourense, 1979), represaliado en 1936, fora nos anos anteriores o responsable do Instituto de Bromatoloxía Galega, dependente do Instituto de Estudios Regionales que creara Cadarso en 1932. En 1962 foi o responsable científico da determinación de elementos tóxicos cando a adulteración de augardentes en Ourense. Tamén foi impulsor da Historia da Farmacia en Galicia, a el se debe o Museo da Facultade que actualmente leva o seu nome. Excluímos deste grupo a Otero Aenlle, pois exerceu moi pouco tempo a docencia en Santiago; deseguida se incorporou á política (1946), nunha fulgurante carreira a carón do oficialismo.

34. A primeira tese lida en Santiago foi na Facultade de Medicina en maio de 1955.

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sindicato Español Universitario



Santo Tomás de Aquino

7 de marzo de 1952


Programa de actos do día do patrón universitario. 1952. Fundación 10 de Marzo.

universidade, baixo a supervisión de Moralejo e algúns profesores de Dereito.

O SEU funcionaba de xeito clientelar na adxudicación de bolsas de estudo e de comedor. Servizo a cambio de integración na organización. En tempos de gran déficit económico e de carencias básicas das familias, aínda que se estaba a piques de saír do racionamento, este servizo cumpríu un bo papel asistencial, pero a maioría dos estudantes «pasaban» de conectar coa organización seuísta, tal e como querían os xefes do SEU. Polo seu Fogar Universitario da Rúa Nova, como así lle chamaban, poucos estudantes (ou «camaradas» como os denominaban na xerga falanxista) pasaban para algo máis que beneficiárense dos servizos que daban ou para mocear (tiña un comedor para douscentos cincuenta comensais).⁵¹

Un dos actos máis salientables dos celebrados nesta década foi o chamado I Congreso Regional de Estudiantes de Galicia (1952), organizado polo SEU, pri-

51. Na mesma casa estaba aloxada a sede da Xefatura Comarcal do Movemento.



Programa do TEU. 1959. Fundación 10 de Marzo.

meiro paso doutro que se celebraríase despois con estudantes de toda España. Como era habitual en Legaz, que tiña control sobre estas actividades, mandou profesorado de tendencias variadas para dar charlas neste evento, co fin de «neutralizar» o carácter exclusivamente doutrinario que podía ter, en principio. Entre outros, interviñeron os liberais Villanueva e Barcia Trelles, o opusdeísta Álvaro d'Ors, o crego Paulino Pedret e o propio Legaz. As sesións celebráronse en dúas fases, a primeira no Paraninfo da Universidade de Santiago e a segunda na residencia do Grajal (A Coruña), en réxime de internado, onde acudiron cen estudantes, elixidos entre os delegados e subdelegados de curso. O congreso foi clausurado na presenza do director xeral de ensino universitario. Ao posterior congreso de Madrid foron trinta representantes, entre os xerarcas do SEU e os delegados de curso, que eran os máis «concienciados». Tamén foi significativo o efecto do Ano Santo de 1954 sobre todas as actividades organizadas polo SEU. Ese ano celebrouse a reunión anual de mandos do sindicato en Santiago.

A entrada en acción do SUT en Santiago (1953), que posibilitou a asistencia a campos de traballo, e as bolsas de viaxe para ir ao estranxeiro comezaron a abrir

o pechado localismo imperante no estudiantado compostelán. Aínda que había que acreditar non ter nota desfavorable nos expedientes sindical e académico e achegar os «méritos sindicais» (?), foron bastantes os estudantes composteláns que gozaron destas escapadelas.⁵² O contacto con outros universitarios que participaban nas saídas, boa parte deles antifrancistas, foi un elemento de certa relevancia á hora de coñecer realidades e actitudes diversas. Mediada a década, nas viaxes de fin de carreira os alumnos tamén comezaban a escoller itinerarios europeos.

Concluimos coa valoración do SEU que fai Carlos París. Por ser moi descritiva e recoller sinteticamente a súa caracterización, coidamos que paga a pena transcribila:

La falange tenía muy mala prensa en Galicia y se encontraba muy asociada a los «paseos» de la Guerra Civil. No conocí ningún tipo de falangismo revolucionario y crítico del régimen. En la universidad era el SEU altamente impopular. Algo muy lógico, dado el equipo oportunista, ansioso de poder y pleno de prepotencia que lo dirigía (París, 2005: 43).

Sabía do que falaba pois conviviu cos mandos do SEU durante moito tempo, cando dirixía o Colegio Mayor San Clemente.

Unha convulsión espontánea contra o SEU

Niña Isabel, ten cuidado
que en Gibraltar hay pecado.
Niña Isabel, con disimulo,
vete a tomar por el culo.⁵³

Se os sucesos de febreiro de 1956 en Madrid acadaron certa repercusión en universidades españolas como Barcelona, Oviedo, Salamanca e Valladolid, en Santiago non tiveron eco ningún.

52. En 1955 había seis campos de traballo en Galicia en marcha: Bazán, Estaleiros de Vigo, Campo de Pesca en Ares, repoboación forestal en Bande e Lobeira, e Zeltia.

53. Máis ou menos, esta era unha das copliñas cantadas durante a manifestación contra Xibraltar en Santiago, en febreiro de 1954. Testemuña de Juan José Fernández Teijeiro nunha gravación efectuada en Santander, o 15 de setembro de 2008.

O estudiantado compostelán non se movía moito máis que por reivindicacións académicas, aínda que ás veces xuntaban esforzos corporativos integradores para botar algún profesor, como aconteceu no curso 1955/56, ao fío dos acontecementos motivados polo pulso que os seus colegas madrileños mantiveran co Réxime e co seu brazo «armado», o falanxismo seuísta. Nesta década non se rexistraron grandes sobressaltos na paciente Universidade compostelá, mais queremos significar algúns dos altercados que se produciron nela.

Sen expresión política organizada nas aulas de Santiago, os influxos externos desencadearon certas alteracións académicas e cidadás. Primeiro foi contra os xesuítas, que emitiran unha desafortunada nota de prensa dirixida ás nais da cidade —«¿Qué barata está la carne!», era o titular, segundo Salvador García-Bodaño—,⁵⁴ na que reprobaban que as súas fillas participaran en certos bailes, onde «vendían su carne». Os poucos universitarios e universitarias —entre un público xeral de traballadores mozos, modistiñas, traballadoras domésticas e dependentas, que eran quen acudían regularmente a estes bailes— exercían a concorrència á cita semanal, unha das poucas liberacións «controladas» pola censura moral que daquela se podían permitir na cidade. A reacción dos estudantes non se fixo agardar, ao dárense por aludidos: nun arrebato dos mozos non quedou vidro san das fiestras da residencia que a orde tiña en Santiago. Ou tamén algunha folga que houbo mediada a década para botar un profesor que abusaba do principio de autoridade nas súas clases, promovida polos estudantes de mellores expedientes académicos da Facultade de Dereito, que axiña foi secundada maioritariamente polos seus compañeiros —Mourullo e Beiras andaban á cabeza desta «asonada» contra o profesor axudante Frutos Isabel—. Logo de non asistiren os estudantes ás clases durante varios días, o reitor decidiu apartar temporalmente da docencia aquel profesor. Algúns estudantes da época lembran tamén unha mobilización espontánea con motivo da suba do prezo dos cines.

Uns anos antes dos acontecementos estudiantís ata aquí descritos, produciuse un episodio ben relevante, fundamentalmente polo seu transfondo político. Trátase da manifestación «oficial» que organizou a Falanxe, por medio dos ministerios que controlaba e das diferentes estruturas políticas, contra a raíña británica Isabel II, logo de esta visitar Xibraltar, en xaneiro de 1954. No ámbito universitario foi o SEU

54. En gravación feita a Salvador García-Bodaño Zunzunegui o 19 de maio de 2008 en Veitureira (Teo).

causou moito desconcerto, máis, se cabe, por falar diante de autoridades de toda condición, nomeadamente militares, que acudían a este tipo de charlas acotío. Un dos asistentes, Antón Santamarina, lembraba este acto: «Falou en plan separatista total; eu sei que acabou a conferencia e saíron todos, non houbo viño español nin nada. Saíron todos cagando chispas de alí: os almirantes, o reitor, todo Cristo. O que dixo aquel home foi brutal. Logo fixéronlle unha entrevista no *Correo* e dixo: “Galicia volverá a ser algo, cando se cumpra unha profecía de Eduardo Pondal”». ²⁷

Non era habitual a asistencia masiva de estudantes ás conferencias oficiais, agás en casos extraordinarios, como este. Os alumnos que coñecían a Montero Díaz por heterodoxo e, posiblemente, presumindo o contido explosivo que podía ter a súa intervención, correron a voz polas aulas da súa presenza para animar a asistir. Esa mesma noite departiu no Colegio Mayor Fonseca cun numeroso grupo de alumnos ata altas horas da noite.

O SEU e a loita pola acción cultural

Se extendió en consideraciones sobre la función específica del SEU, glossando frases de José Antonio y ofreciendo a los mandos una trascendental exposición de orientaciones básicas para mejor servir al SEU, pensando en la obra de la Patria, a través del Movimiento y bajo la égida del Jefe del Estado. ²⁸

expedientado en 1965, estivo dous anos en Chile. Dirixiu, entre outras, a tese de doutoramento de Suárez Verdaguer, Gustavo Bueno e os galegos Casimiro Torres, Salvador Parga e Carlos Baliñas.

27. En entrevista a **Antón Santamarina Fernández** (A Fonsagrada, Lugo, 1942), realizada en Santiago o 29 de marzo de 2007. Fillo de labregos, foi alumno de Alonso Montero no Instituto de Lugo. Veu estudar Letras a Santiago no curso 1961/62. Foi directivo da asociación cultural O Galo, ata que o destituíu Fontenla, en 1963. Cortexouno o PCE e mesmo acudiu a algunha reunión desta organización, ou da FUDE, en Madrid. Un ano despois de rematar a carreira de Filoloxía, en 1967, entrou na Universidade como docente. Foi director do Instituto da Lingua Galega (ILG). Actualmente é catedrático da USC. A referencia que fai Santamarina a unha entrevista a Montero Díaz, na que alude a Pondal, realizouna Fernández Ferreiro –*La Noche* do 29 de febreiro de 1964–, e leva este titular: «La emigración desaparecerá en un futuro ineludible, cuando se cumpla cierto vaticinio de Eduardo Pondal». Asistiran o almirante Cadorso e o xefe de estudos da Escola Naval Militar de Marín, acompañado dun grupo de oficiais.

28. Noticia do discurso de toma de posesión do novo xefe de distrito do SEU, Ricardo Fernández Castro –*El Correo Gallego* do 8 de decembro de 1960–.

Ricardo Fernández Castro, *Calito* (Dereito), que aínda non rematara a carreira, foi nomeado xefe do SEU. Xa desenvolvera algúns cargos na estrutura seuísta con anterioridade e procedía da xefatura do Departamento de Axuda Universitaria.²⁹ Tomou posesión en presenza de Aparicio Bernal, xefe nacional, que tamén designou o novo director do Colegio Mayor San Clemente, Antonio Eiras Roel, que non tardou moito en ser catedrático (1965). Mentres, seguían as celebracións seuístas: aniversario da creación do Frente de Juventudes, do estudante caído, da creación do SEU, o día do licenciado..., mais complementadas con novas propostas.

A burocracia do SEU era cada vez máis grande, aumentaban os departamentos e servizos con cargos retribuídos. O resto do novo cadro de mandos, desde 1960, estaba composto polos responsables seguintes:

- Secretario de Distrito: Mariano Turiel de Castro; finalizando 1961, é substituído por José Antonio Sangil Noya.
- Rexencia da Sección Feminina: M.^a Luisa García-Rodeja; M.^a Antonia Durán Sotelo, en 1961, e a anterior pasa a dirixir o Colegio Mayor Virgen del Cristal; en 1963, María del Carmen Tojo Alonso.
- Xefe provincial do SEU: José Luis Berea Cerdido.
- Xefe local de Vigo: Arturo Estévez Álvarez (1962).

Xefes de departamentos:

- Actividades Culturais: Javier de Iraola Cifuentes (secretario: José Mendoza Sarmiento); en 1961 foi substituído por Adolfo Martínez Martínez; en 1962, por Ezequiel Méndez Vidal; este, en 1963, por Josefina Prado Villalba, primeira muller xefa de departamento, que viña desempeñando o cargo de secretaria do SUT, desde comezos dese mesmo ano.
- Axuda Universitaria: Diego Diz Fernández; José Antonio Sangil Noya, en 1961; a finais de 1961, cando Sangil pasa á Secretaría xeral, substitúeo Manuel Emilio Calviño Pueyo.

29. Ricardo Fernández Castro (Caldas de Reis, 1941). Era fillo dun mestre. Logo de desenvolver o cargo ata 1965, co derrubamento do SEU pasou a ser delegado provincial de Xuventudes e despois subxefe provincial do Movemento. Desempeñou varios cargos políticos de confianza co PP. Actualmente é funcionario da Xunta de Galicia; o grupo «de Juventudes», é dicir, o vello SEU, segue a reunirse nun xantar anual na Coruña.

sinal de autoorganización, puxeron en valor o Consejo Sindical del Distrito Universitario, órgano asesor, para facer ver que as decisións se tomaban colexiadamente nesta instancia. E deron conta puntualmente das súas accións á prensa local mediante un equipo moi activo, que tería unha sección no xornal local *La Noche: «Universidad Literaria»* (1960).

Unha das primeiras accións formativas da nova directiva do SEU foi convocar unhas Jornadas Sindicales Universitarias no Balneario de Cuntis (1961), ás que acudiron cincuenta alumnos con cargos de representación electivos, entre responsables seuístas e xerarcas que viñeran de Madrid. O SEU acababa de sufrir unha nova reorganización, coa que se ratificaba a non elixibilidade dos cargos principais.³⁵ Entre outras novidades que presentaba, a figura do delegado de facultade era electivo e dábaseslle voto aos representantes estudiantís nas xuntas de facultade.

Fernández Castro, nunha alocución dirixida aos presentes nestas xornadas, apuntaba o papel que tiña que exercer o universitario fronte á sociedade, tratando de esvaecer dalgún xeito o marco doutrinario, ou, polo menos, encubríndoo: «El SEU tiene dos posibilidades: una de gestión y otra de formación. [...] Esta consideración formativa se ve representada en tres aspectos principales: sindical, universitario y humanopolítico»; tampouco reparaba á hora de axuizar a sociedade: «paternalista, clasista, amorala e injusta».³⁶ O secretario das xornadas foi Sangil Noya (Santiago de Compostela, 1939), que logo había ser un dos principais «cerebros» do SEU nesta década.³⁷ No acto de clausura, a Universidade estivera representada en Cuntis polo vicerreitor.

había moito que rodara en Santiago *La Casa de la Troya*, no papel de Carmiña. En canto á alfabetización, realizaron campañas no barrio de Conxo (1961). O SUT desempeñou un papel moi activo na formación de cadros, pois os seus integrantes asistían con asiduidade a cursos. Tamén organizaron estancias en fábricas durante os períodos das vacacións do Nadal, a xeito de campos de traballo, con oito universitarios en Ilepsa (1961, Pontecesures) e en Leyma (A Coruña, 1962). En 1963, en colaboración con Antonio Gómez Vilasó, párroco do Castiñeirío, organizaron un centro cultural onde alfabetizaban mulleres. E outro no Sanatorio da Choupana, con mulleres hospitalizadas. O SUT tiña unha biblioteca que chamaban de estudos sociais; resulta rechamante que os libros máis lidos foran os de Ignacio Fernández de Castro, un dos líderes do FELIPE (en *Boletín Informativo* do SUT de Santiago, núm. 5, 1962).

35. Decreto do 18 de setembro de 1961.

36. *El Correo Gallego* do 17 de novembro de 1961.

37. Desempeñou varias responsabilidades no SEU. Xa na democracia, tivo varios cargos políticos co PP, ata 2004 (secretario xeral técnico de Presidencia e delegado provincial de varias consellerías). Tamén foi policía, labor polo que foi premiado en 1969 coa cruz con distintivo branco (*La Vanguardia*, 19 de xullo de 1969).

Ao noso entender, destas xornadas saíron claras consignas para realizar un traballo descentralizado, por facultades, distribuíndo tarefas entre os representantes máis dinámicos, con algunha autonomía. Apreciábase un certo ton protagonista dos cristiáns, quizais o núcleo estudantil máis activo, que serían os que se vertebrarían no SUT polas posibilidades que este departamento ofrecía para a acción social de compromiso e de apostolado segrar, principal obxectivo externo deste grupo católico. Tamén en Cuntis, os seuístas acordaron dar publicidade a todas as accións que se levasen a cabo, como medio de informar a sociedade santiaguesa do labor que realizaban. Deste xeito, e logo destas xornadas, apareceron a revista *Térmos* (1961), «órgano sindical para delegados», que se suma ao *Boletín Informativo SUT*, única publicación que editaba o SEU ata aquel momento,³⁸ e pouco máis adiante, algúns boletíns nas facultades, como *Litis* en Dereito (1962) e *Fonseca* en Farmacia.³⁹ A obsesión do SEU pola difusión levounos a organizar varias xornadas de xornalismo co fin de poñer en marcha unha «Academia de Periodismo del SEU», dirixida por Borobó.

Ao noso modo de ver, as xornadas de Cuntis marcaron unha inflexión no funcionamento do SEU, onde os que desexaban ter unha intervención activa poderían desenvolver o seu labor, a non ser que as súas iniciativas tivesen un marcado corte político, que aquí non era o caso. O labor dos mandos ía ser de supervisión, sen demasiadas inxerencias, deixando facer, en principio, tal e como apuntaba Ezequiel Méndez.⁴⁰

38. A revista *Térmos* tivo unha vida efémera: desde 1962 estivo dirixida polo alumno de Dereito Julio Prado Villalba; logo tivo unha segunda andaina en 1966. O *Boletín* do SUT (1960), no curso 1961/62, puxo na rúa cinco números, reproducidos en ciclostilo. En ambos os casos, recollían novas e anunciaban actividades universitarias, fundamentalmente. Hai que salientar que desde o *Boletín* do SUT se facían chiscos constantes ao cristianismo social e ao papel que viña desenvolvendo a JOC.

39. Esta revista iniciara a súa andaina na década anterior. Comezou a súa cuarta época no curso 1961/62, ciclostilada, con tres números.

40. En entrevista realizada en Madrid, o 18 de maio de 2007. Ezequiel Méndez Vidal (Santiago de Compostela, 1941), fillo dun funcionario de Xustiza e dunha mestra, estudou dous anos de Dereito –en segundo foi delegado de curso–. Logo pasou á Facultade de Filosofía e Letras, onde chegou a ser delegado de Facultade (1963) estando en segundo curso, un verdadeiro exemplo de precocidade na «alta representatividade». Tamén desempeñou o cargo de responsable de Actividades Culturais do SEU. Logo foi un dos principais axentes da axitación cultural, ao primeiro desde dentro da estrutura seuísta, para logo colaborar no derrubamento do SEU, xa con claro contido político, en 1965. En canto á súa representatividade, comenta: «En todos los casos dimití sin cumplir el período reglamentario por discrepancias con las autoridades del SEU, siempre recelosas de toda actividad que no pudieran controlar y que acababan prohibiéndola» (en cuestionario escrito). En 1964, Ezequiel Méndez, xunto con Gonzalo Anaya e Enrique Banet (estudante de Farmacia) fundaron o Equipo 64, grupo cinematográfico que realizou varios documentais sobre Galicia.

científico: «a la luz de la influencia que el Espíritu Santo había tenido sobre la Iglesia...»; ou ao mesmo Moreno Báez, cando explicaba a escolástica.

Entre outras actividades, os alumnos dinámicos desta facultade trouxeron conferenciantes como Manuel María —«Poesía Gallega de hoy», 1962—, nun acto organizado polo contorno galeguista. Destes tamén saíron propostas de recondución dalgunhas das actividades rancias de antano, como as cátedras de Alta Cultura Naval Arzobispo Gelmírez, inamovible desde a inflexión de Montero Díaz, e a de Pensamiento Español;⁸⁵ nesta última, houbo unha mudanza significativa de nomes para realizar actos conmemorativos, como Unamuno, o P. Feijóo, Valle-Inclán e Cabeza de León. Ou a organización dun ciclo de poesía social introducido por Alonso del Real, onde se leron poemas de Miguel Hernández, José Hierro, Blas de Otero e Gabriel Celaya, entre outros (1963). Dos alumnos da cátedra de Literatura tamén xurdiu a iniciativa de conmemorar o Centenario de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro na Universidade, o que orixinou o primeiro enfrontamento co SEU, que quería apuntarse o tanto da convocatoria. E a «Fiesta de la Poesía», onde tras dar unha conferencia Moreno Báez, os mozos poetas lían os seus poemas. Tamén conformaban a maior parte da nómina dos alumnos e alumnas que participaban nas revistas orais organizadas polo SEU e o SUT, *Diálogo* (1961) e *Autenticidad* (1962), moi de moda naquela altura.⁸⁶ Os alumnos da Facultade de Letras tamén eran o maior «circulante» colaborador nas actividades teatrais dos colexios maiores con Antonio Meizoso, Ezequiel Méndez e Enrique Moreno, por citar os máis significados, nun momento en que o teatro botaba un pulso cultural e formativo á oficialidade, con certa permisividade para a escolla de autores e títulos. Mentres, Rafael Chacón e Manolo Vilanova organizaban parladoiros literarios, coa colaboración do alumno de Medicina, Fernando Cabaleiro (1965).

85. Esta cátedra viña a materializar oficialmente a colaboración que mantíña a Universidade de Santiago coa Escola Naval Militar de Marín desde 1943, iniciada por Legaz. Foi recoñecida por Orde ministerial do 31 de outubro de 1962; o director era Barcia Trelles. Para a súa inauguración oficial contou co ministro Carrero Blanco, que deu a conferencia «La Marina en la era atómica».

86. No seu segundo número —abril de 1962—, a revista oral *Autenticidad* foi dedicada a Galicia: «Economía gallega: campo, industria y trabajo». Nela colaboraron varios profesores; no pano de fondo do Teatro Principal, onde se celebrara o acto, figuraban os lemas: «Unha Galicia forte» e «Unha Galicia enxebre». Destacamos a «preocupación» do SUT por se achegar a temas relacionados co país, como forma de atraer os universitarios. Buscaban un efecto neutralizador das actividades do galeguismo, que daquela comezaba a emanciparse das organizacións culturais que propuña o SEU. Máis adiante, en 1965, os alumnos do Colegio Mayor Generalísimo Franco crearon a revista oral *Palabras*.

Da Facultade de Letras tamén saíu ao estranxeiro o maior número de estudantes, aproveitando as bolsas que ofertaba o SEU por medio da súa axencia de viaxes.⁸⁷ Así mesmo, a vixilancia policial puña o albo nos axitadores estudiantís desta facultade. Son coñecidos os seguimentos de Luís Cochón e de Ezequiel Méndez. A este último denegáronlle o pasaporte no curso 1964/65, logo de sometelo a interrogatorio o comisario Armada, quen o ameazou pola súa conduta perigosa tanto pola súa pública actividade cultural como por ser representante heterodoxo do alumnado.⁸⁸

Por aquel entón, os parladoiros tamén empezaban a ter unha presenza máis diversificada en Compostela, a maiores dos que xa comentamos na década anterior. O profesor Alonso del Real xuntábase no bar Avenida e no Derby con alumnos e alumnas –ás tardiñas, tamén no Colón–. Gonzalo Anaya «dotaba intelectualmente» os dirixentes cinéfilos no Miami, e logo no Royal, á hora do café. Os cristiáns comezaban a reunirse no Cantábrico, e o PCE tiña os seus «cuarteis» n'O 42 e no Estradense, e logo no Gaiola, cando abriu as súas portas en 1964.

Outro polo do activismo estudiantil basculou sobre o papel desempeñado polo libreiro de vello Eduardo Hernández, alcumado *o Xudeu*, desde o seu establecemento da Rúa do Vilar. Proporcionáballes aos estudantes libros editados fóra, mesmo chegaba a alugalos. Pola súa «rebotica», moitos dos que foron líderes estudiantís pasaron na procura de ferramentas para «armarse de contido cultural e intelectual», con ánimo de aplicalo.

Aínda que en menor medida que en Letras, tamén temos que salientar o dinamismo da Facultade de Dereito, de onde procedían case todos os dirixentes do SUT, do cal saíron a maior parte das accións de intervención social naquel tempo, como os campos de traballo e as campañas de alfabetización en Galicia e mais

87. Coñecemos, entre outros, os casos de Antonio Meizoso, Rafael Chacón e Eduardo Fra (París) e Antón Santamarina (Inglaterra). En 1961, segundo os datos do SEU –*Memoria del curso 1960/61*, p. 219–, un total de corenta e un estudantes de Santiago acudiron aos campos internacionais de traballo; e cincuenta e un estudantes realizaron intercambios profesionais con Inglaterra e Alemaña.

88. Logo de superar as probas de acceso na Escola Oficial de Cinematografía, en 1967, verdadeira vocación de Ezequiel Méndez, foi excluído sen razóns. As tarefas de «limpeza» que exercían desde o Ministerio de Información e Turismo, do que dependía a escola, comezaban a cebarse sobre algúns centros cualificados como «perigosos». Ezequiel Méndez dedicouse logo ao mundo editorial en diferentes empresas de Madrid.

Na universidade xurdía un novo escenario ao perder o SEU o control da representatividade estudantil, cun certo resentimento por parte das estruturas políticas do falanxismo. As novas comisarías do SEU, as xefaturas provinciais de FET e a SGM traballaban á xunta para acometeren os procesos electorais «con garantías», para o cal se deron instrucións concretas de presentar candidatos afíns en todos os centros universitarios: «el primordial objetivo es la presentación de nuestros propios hombres».³

A comezos de 1966, logo de se facer efectivo o traspaso de poderes ás APE, o SEU de Santiago daba as derradeiras boqueadas, con Federico Pomar de la Iglesia como delegado-comisario do SEU do distrito, nomeamento que fora moi contestado entre os mandos falanxistas por non reunir «condiciones personales ni políticas».⁴ Os enfrontamentos internos por manter os poucos espazos de poder que lle quedaban e a loita por acadar cargos remunerados caracterizaron este bienio entre o seuísmo residual compostelán, que aínda tiña unha presenza directa e indirecta na Universidade. Sangil Noya, que acababa de aprobar as oposicións de policía, foi nomeado director do Colegio Mayor San Clemente, único reduto onde os restos do SEU se aglutinaban a modo de «reserva activa», nomeadamente para formar novos cadros adictos que se opuxesen ao estoupido democrático que axexaba desde «a sombra».⁵ Queremos destacar que a maioría dos nomes que confor-

en la realización de las elecciones y cumplir la presencia de grupos de nuestros hombres al frente de las asociaciones de estudiantes» (*Memoria del curso 1965-1966*, en Rodríguez Tejada, 2009, II: 63).

3. En informe citado por Rodríguez Tejada (2009, II: 64): Secretaría de la SGM, «Informe sobre las próximas elecciones de las APE», 28-X-66, AGA, Presidencia, SGT, 476.

4. O informe «Breve historia de la Comisaría para el SEU de Santiago de Compostela», de grande interese historiográfico, atópase entre a documentación procedente do ARG que está reproducida na Fundación 10 de Marzo. Este informe fora enviado a Ricardo Fernández Castro, delegado provincial de Juventudes, sen datar. O contido, que explica polo miúdo as regueifas internas e as desavinzas políticas e económicas do seuísmo e do falanxismo santiagués, pensamos que corresponde ao ano 1967 e a súa autoría, ao policía Sangil Noya, aínda que o documento asínano os diferentes responsables que daquela había na citada Comisaría do SEU: Martínez Couso (Prensa), Plaza Amador (SUT), Sangil Noya (Acción Asistencial), López Raposo (Educación Física e Deportes), González Martínez (Gabinete de Estudos, Actividades Culturais e Comedor) e Castiñeiras Campos (director adxunto de Educación Física e Deportes).

5. Ese ano, no San Clemente nomearon o ministro Fraga Iribarne como Colexial de Honra. O xefe de estudos do colexio era o seuísta José Domingo Pérez García, que fora delegado da Facultade de Medicina en 1962. Desde este colexio mantiñan unha emisión radiofónica universitaria co nome *Colegio Mayor*, que tivo pouco percorrido temporal. Unha das primeiras actividades do curso 1966/67 foi un debate sobre a Lei orgánica do Estado; logo houbo outro sobre Xibraltar.

maban unha lista de posibles candidatos «de confianza» para presentar ás eleccións do curso 1966/67 viñan deste colexio maior, posiblemente «ben instruídos» para a tarefa encomendada. Nela poden lerse apelidos galegos de tradición conservadora xunta mozos que do Frente de Juventudes viñan á Universidade de Santiago e que residían no citado centro, nun *continuum* ideolóxico.⁶ É posible que a regalía de poderse aloxar nun colexio maior destas características levase aparelado, en bastantes casos, labores deste tipo, ou tamén informativos, como contraprestación. Como apuntaba discretamente Xavier Vilhar Trilho, que fora residente no Colegio Mayor San Clemente durante cinco anos:

Alí no colexio maior houbo dúas etapas. A primeira etapa, que daquela aínda non estaba a cousa *politizada*, a principios dos sesenta. Entón había unha vida moi corporativa, propia dos colexios maiores do SEU e dos frentes de xuventudes. Había incluso sabatinas os sábados, misas os domingos, aínda que era unha cousa moi formal, pois os falanxistas non eran moi católicos. Pero bueno, a vida colexial estaba moi organizada, todos estes actos tamén servían de ligazón coa vida sindical. Cando eu entrei, o director era Eiras Roel, chamábase *Sufrido*, ideoloxicamente non se lle vía que fora moi falanxista. [...] Aqueles primeiros anos o colexio parecía un campamento de Xuventudes. [...] Despois chegaron directores que eran delegados do SEU.⁷

6. Agradecemos a cesión dun documento onde veñen os nomes destes «posibles candidatos», que nos cedeu o historiador Sergio Rodríguez Tejada, procedente do AGA —«Censo General de posibles candidatos curso 1966/67, A, Santiago de Compostela: Medicina y Derecho»—. Tal e como afirma este investigador, a busca de alumnos afíns para presentárense ás eleccións foi unha práctica que se estendeu tamén nos outros distritos universitarios. Os nomes da lista de Santiago, en gran medida para os primeiros cursos, correspóndense cos que cita a prensa local con motivo de impoñerlles a insignia de novos residentes do Colegio Mayor San Clemente no curso 1966/67 (*El Correo Gallego*, 23-X-1966). Con anterioridade, a busca de candidatos afectos para delegados era frecuente entre fillos de policía e de familias franquistas galegas significadas. Precisamente, nas anteriores eleccións para representantes, por seren impostos os candidatos polos decanos, varios cursos de diferentes facultades votaran en branco —nos tres primeiros cursos de Farmacia— ou se negaran a votar —en cuarto e quinto de Románicas e en Matemáticas—. Esta información está tirada doutro documento cedido por Sergio Rodríguez Tejada, procedente do AGA.

7. En entrevista a **Xavier Vilhar Trilho** (Santo Adrán de Toba, Cee, 1943) realizada en Santiago o 29 de maio de 2007. Cando fala da politización, estase a referir ao proceso democratizador que levaron a cabo os estudantes santiagueses. É fillo dun avogado, inspector de rendas municipais, de ideoloxía conservadora e moi relixioso. Fixo o bacharelato no Colexio dos Maristas e na Academia Galicia da Coruña. Veu a Santiago no curso 1961/62 para matricularse en Dereito. O primeiro ano foi delegado de curso; desde aquela amosou preocupación pola cultura e levou a cabo actividades teatrais e de cine no Colegio Mayor San Clemente. Cando estaba nos últimos cursos, desempeñou o cargo de director accidental de

O control dos mecanismos de representatividade e o influxo das vellas estruturas seuístas sobre o estudantado, con apoio de boa parte do profesorado e os decanos, aínda podía dar para que o presidente do Consello de Distrito das APE fose da corda dos que querían permanecer con etiqueta renovadora, pero seuístas de «espírito azul», como acontecera no curso 1965/66; daquela resultara elixido Jesús Vázquez Gallego, da Facultade de Medicina.⁸ Aquel proceso electoral fora denunciado por ADE nunha folla que comezaba así: «Presión preelectoral de algunos decanos y profesores para que se presentasen candidatos». Tamén denunciaban o incumprimento da normativa e a elección de representantes cun pequeno número de votos, logo de dimitiren os que non estaban de acordo coa pouca transparencia do proceso. Ao tempo, facían alusión ao papel que estaba a ter a prensa, que silenciaba o descontento do alumnado, e a deformación da realidade represiva e do recorte de liberdades e dereitos.⁹ Pero o proceso electoral do curso 1966/67 non foi igual, como logo veremos.

Mentres, a nova Comisaría do SEU mantiña a organización das Festas Minervais, nas que unha alumna, Araceli Herrero, acadaba por vez primeira a máxima distinción en Poesía Galega, por diante da «promesa poética» de Carlos Casares. O mantedor das Festas Minervais de 1966 fora o poeta catalán José Cruset, que no

Actividades Culturais da Comisaría do SEU, mesmo chegou a ser secretario do Xurado das Festas Minervais (*Termos* II, marzo, 1966). Logo de ter contacto con compañeiros comunistas da facultade, mudou ideoloxicamente cara a posturas nacionalistas: «Empezabas a estar descontento do franquismo, da Ditadura e do ambiente un pouco agobiante de pouca liberdade intelectual» (en entrevista citada). En 1968 entrou como profesor axudante no Departamento de Dereito Constitucional, con González Casanova, para impartir socioloxía. Pouco tempo despois, como aconteceu con outros profesores progresistas, non lle foi renovado o contrato e marchou a Italia cunha bolsa, durante o mandato reitoral de García Garrido. Máis tarde chegou a ser integrante de ANPG e a militar na UPG en 1973. Actualmente é profesor titular da Facultade de Ciencias Políticas da USC.

8. Vázquez Gallego estendeu o seu mandato ata as primeiras eleccións democráticas de presidente de distrito, en decembro de 1966. Ata aquela, o resto de delegados de facultade foron: Juan Domínguez Reboiras (Medicina), Salvador Castromil (Ciencias), Angelines Capeáns (Filosofía) e Jorge Justo Vázquez (Dereito). Jesús Vázquez Gallego (Sarría, 1940), ao rematar a carreira, foi a Madrid a especializarse en Rehabilitación. Formou parte da primeira corporación democrática do Concello de Lugo por Coalición Democrática, antecedente de Alianza Popular. Ía de número dous na lista, por diante de Francisco Cacharro Pardo. Actualmente é xefe do Servizo de Rehabilitación no Hospital de Lugo.

9. Esta folla voandeira asinada por ADE remataba cunha frase de Paulo VI: «Esa necesidad tan fundamental del hombre que reivindica, con todo derecho contra todos los totalitarismos: la de pensar libremente, la de poder pensar libremente».



Entrega de becas no Colegio Mayor El Pilar. Arquivo Hilda Otero.

seu discurso fixo unha loanza á xeración do vinte e sete. No campo publicitario, un SUT en decadencia aínda mantiña a revista oral *Autenticidad* e a Comisaría para o SEU reeditaba *Térmos* con contido deportivo, ao tempo que o TEU seguía lendo obras de teatro no salón de actos do Club Universitario.¹⁰ A estrutura anterior, aínda que en menor medida, seguía funcionando. Naquel xaneiro de 1966 tamén houbo mudanzas no terreo político, pois o gobernador civil Martín Freire foi substituído por Avendaño Porrúa.

Tras promover o boicot ás eleccións de representantes coa regulamentación das APE no curso que rematara, os estudantes máis activos rearmáronse para afrontar unhas eleccións de delegados moi cheas de contido e con gañas de varrer democraticamente os opoñentes que, baixo a fórmula de independentes, trataban de perpetuar o seuísmo, agora baixo a marca das AE (Asociaciones de Estudiantes).

No terreo cultural parauniversitario, O Galo tiña consolidado o Premio Castelao, logo do triunfo da obra de Mariñas del Valle, *A Revolta*. O profesor Vidal

10. Entre as actividades deportivas máis destacadas que organizou a Comisaría do SEU de Santiago podemos citar o Campionato Europeo Universitario de Fútbol no verán de 1966.

formar parte. O caso é que, pese a todas as recomendacións do Vello Profesor para non caer na rede dos *nacionalistas románticos*, entráramos en negociacións coa UPG –ou sexa, o Fixas falara con Ferrín–, e froito daquilo foi a elaboración dun panfleto para o 25 de xullo que imprimíramos na Coruña, no piso de *Yayo*, utilizando a multicopista coa que os dotara a socialdemocracia tedesca a través do Vello Profesor²² (García Suárez, 2009: 75-76).

Era a hora da política e os de ADE procuraron non quedar atrás para afrontar o escenario final da Ditadura. Como xa dixemos, o seu referente foi o FELIPE. Os seus cerebros políticos, coa colaboración dos principais cadros de ADE, na máis estrita clandestinidade, puxéronse en marcha. Un deles, Pedro Mariño, comentaba: «Entón, captáronnos a algúns para o FELIPE; eu estiven un tempo colaborando con eles, incluso lles fixen algún recado, como ir a Asturias a buscar propaganda e a contactar con *Bulnes*, Nacho Quintana, que era o xefe do FELIPE».²³ Este contacto co dirixente do FELIPE fora a través de Carlos Otero, que daquela estaba en ADE.²⁴ Mais esta aventura política rematou coa caída dalgún destacado membro,


22. *Fixas* era Martín de Hijas. *Petit* Curiel era o vigués Enrique Curiel, logo militante do PCE. Antes da colaboración para o 25 de xullo, a «delegación santiaguesa» do FSU-PSI xa comezara a elaborar follas voantes, desde xaneiro de 1968. Tamén botaron unha folla no Primeiro de Maio dese ano. Esta iniciativa política durou pouco máis alá daquel curso. A represión sobre os principais líderes estudantís, exercida polo novo reitor García Garrido, tivo bastante que ver na desaparición desta agrupación política, máis a incompreensión de Tierno cara ás identidades nacionais periféricas. Segundo **Cándido Conde-Pumpido Tourón** (*A Coruña*, 1949), neste grupo tamén estaban: Carlos Cerviño, Naro García Suárez, Guillermo Rojo e Javier Pinto: «En Coruña estaba el aparato de propaganda; esa identificación con el socialismo del interior nos permitía tener una especie de referente [...]. Empezamos a discutir los documentos de las Juventudes Socialistas Revolucionarias [...]. Yo creo que en aquel momento estabas basicamente contra el franquismo y por la construcción de un sistema democrático. El objetivo del movimiento estudiantil era más sindical, digamos: adquirir personalidad propia, tener identidad y libertad con los derechos fundamentales de asociación y expresión» (en entrevista realizada en Madrid, o 22 de marzo de 2007). Conde Pumpido é fillo dun maxistrado. Estudou o bacharelato no Colexio da Inmaculada de Pontevedra. Chegou a Santiago en 1965 para facer preuniversitario no Colexio Peleteiro. Ao ano seguinte matriculouse en Dereito; estaba aloxado no Colegio Mayor Fonseca. En primeiro curso foi subdelegado. No curso do conflito era delegado de curso e subdelegado de Facultade. Ao rematar os estudos fixo as oposicións á Maxistratura. Actualmente é fiscal xeral do Estado, desde 2004.

23. En entrevista citada.

24. Lembramos que ADE, con anterioridade, tivera interese en contactar cos democratacristiáns de UDE e UED, co fin de articularse no movemento universitario, fóra dos ámbitos do dominio do PCE. Fausto Dopico mantiña contacto cos felipistas de Barcelona, en varias ocasións, e Carlos Otero tiña unha importante axenda de contactos.

como Doménech, con motivo da Convocatoria Nacional de Compostela para o 25 de xullo de 1968, que se estaba preparando en colaboración cos nacionalistas e a FUDE galega. Tamén influíu o descabezamento do FELIPE, pouco despois. Logo, a maioría dos restos desta incipiente formación política galega tendeu cara ao nacionalismo (Unidade Socialista e Galicia Socialista), coa ponte de Camilo Nogueira e os irmáns López Facal. Pedro Mariño apuntaba que, naquela altura, había universitarios radicais que levaban dobre militancia no marxismo-leninismo e en ADE: «Eduardo Varela meteu a Paco Estrada nesa bandeira. Eran un grupo perigosísimo. Un dos reproches que lles fago é a militancia simultánea. [...] Inventáramos o das dúas liñas. Había unha liña de retardarda e unha primeira liña. Incluso nos grupos de traballo da Universidade había os G e os G prima; no primeiro estaban os rapaces de influencia que daban máis a cara e o segundo que era máis cerebral».

A policía, nun interesante informe específico sobre ADE, xa citado, apuntaba que o seu principal nutriente era a militancia avanzada da JEC: «Manifestan individualmente una tendencia ideológica de corte marxista, muchos de los cuales han vivido sus primeras experiencias políticas y se han provisto de una inquietud social deformada a través de sus participaciones en Campos de Trabajo del SUT, que durante la vigencia del SEU constituía un importante foco de subversión política, enmascarada por la oficialidad del Sindicato y que este se esforzaba en controlar». Este informe policial de 1968 non andaba moi desatinado en canto ás orixes de



Chamamento do 25 de xullo de 1968. Fundación 10 de Marzo.